

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e tres de novembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de novembro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Real Decreto 1023/2020 do 17 de novembro, do Ministerio de Igualdade, polo que se actualizan as contías, os criterios e o procedemento de distribución das transferencias para o desenvolvemento de novas e ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero. BOE núm. 303 do 18-11-2020.
- Orde JUS/1073/2020 do 16 de novembro de 2020, do Ministerio de Xustiza, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de outubro de 2020, polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2019 prorrogados para 2020, destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz. BOE núm. 304 do 19-11-2020.

C.I.F. P-1503100-H

- Orde do 10 de novembro de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2020-2021 (código de procedemento MT975I). DOG núm. 233 do 18-11-2020.
- Resolución do 5 de novembro de 2020, da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 234 do 19-11-2020.
- Orde do 19 de novembro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro). DOG núm. 235 do 20-11-2020.
- Anuncio do 6 de novembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/819). DOG núm. 235 do 20-11-2020.
- Anuncio do 11 de novembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á corrección de erros do extracto da resolución do 29 de outubro de 2019 pola que se convocan axudas do Concello de Culleredo adherido ao fondo de financiación para a reactivación económica e social da provincia da Coruña. BOP núm. 195 do 17-11-2020.
- Extracto da resolución número 2020/35923 do 12 de novembro de 2020, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da IV edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO 2020). BOP núm. 198 do 20-11-2020.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e asuntos da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
5/11/2020	1516	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***1344**	10 horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
5/11/2020	1517	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***2324**	Pago do recibo de electricidade correspondente ao mes de setembro de 2020.	82,44€
5/11/2020	1518	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***1149**	Pago do recibo de electricidade correspondente aos meses de xullo (48,01€), agosto (45,93€) e setembro (50,48€) de 2020.	
10/11/2020	1542	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***0850**	Pago do recibo de electricidade correspondente ao mes de xullo(28,41€), agosto (28€) setembro (29,26€). Recibo de gas do mes xullo (13,93€). Recibo de auga correspondente ao 2º trimestre (63,08€) e 3º trimestre (69,61€) de 2020.	
10/11/2020	1543	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***6838**	Pago do recibo de gas, correspondente os meses de agosto e setembro de 2020.	40€
10/11/2020	1544	Concesión axuda económica.	****1093*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de agosto, setembro e outubro de 2020 (245€/mes) e parte do gasto inicial que lle correspondería segundo a súa declaración (340€).	1075€
10/11/2020	1545	Concesión axuda económica.	***7491**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2020 (102,50€/mes) e 50€ do mes de novembro.	1075€

C.I.F. P-1503100-H

11/11/2020	1567	Concesión axuda económica.	****1615*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio (400€), xuño (400€) e parte de xullo (275€) de 2020.	1075€
11/11/2020	1568	Concesión axuda económica.	***0408**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (400€), abril (400€) e parte de maio (275€) de 2020.	1075€
11/11/2020	1569	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***7379**	Pago dos recibo de gas correspondente ao periodo do 14 de outubro de 2020 (43,89€) Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2020 (116,12€).	
11/11/2020	1570	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****6449*	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2020.	179,07€
11/11/2020	1571	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****8326*	Pago do recibo de aluguer correspondente ao mes de maio (350€) e parte do mes de xuño (36,18€).	
11/11/2020	1572	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***7943**	Pago do recibo de auga, correspondente ao periodo 1º, 2º e 3º trimestre de 2020. Pago do recibo de luz, correspondente ao periodo 16 de xaneiro de 2020 a 16 de xullo de 2020. Pago do recibo de gas, correspondente ao periodo de 08 de febreiro de 2020 a 10 de agosto de 2020.	196,92€ 101,95€ 93,21€
11/11/2020	1573	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3598**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2020.	56,65€

C.I.F. P-1503100-H

				Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 16 de agosto de 2020 a 15 de outubro de 2020.	26,94€
				Pago do recibo de gas correspondente ao período de 11 de agosto de 2020 a 13 de outubro de 2020.	28,75€
12/11/2020	1580	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***1542**	Pago do recibo de auga, correspondente ao período de 4º trimestre de 2019, 1º, 2º e tercer trimestre de 2020.	266,53€
12/11/2020	1581	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3780**	Pago do recibo de auga, por un importe de 7,06€, sendo o importe total do recibo de 89,98€ correspondente ao 3º trimestre de 2020.	
12/11/2020	1587	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***7699**	Pago do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2020 (94,29€). Recibos de luz correspondente aos meses de xaneiro (117,95€), marzo (94,28€), maio (119,94€) e setembro (86,88€) de 2020.	
13/11/2020	1600	Conceder unha axuda económica	***6977**	Abono recibos de aluguer, correspondente aos meses de abril a setembro de 2020 (155€/mes) e parte da cuota do mes de outubro de 2020 (145€).	1075€

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS:

CENTRO OCUPACIONAL MUNICIPAL “A ESCADA”:

O pasado 16 de novembro comezou a nova andadura no Centro Ocupacional Municipal “A Escada”, este ano con moitas novidades a causa da situación causada pola pandemia da covid-19.

O proceso de reactivación do centro estase facendo de forma gradual, dinámica e reversible para que así permita recuperar a actividade de xeito progresivo sen incrementar o risco de aparición dun abrocho, e si este aparece, poder telo controlado canto antes.

Nun primeiro momento, a reincorporación dividiuse en tres etapas de 7 días de duración cada unha, aínda que pasaron a se converter en dúas debido a que só teñen previsto incorporarse de momento 8 das 18 persoas usuarias do centro.

A primeira etapa tivo lugar a semana do 16 de novembro e se incorporaron ao centro un grupo formado por 4 persoas. A segunda tivo lugar o día 23 e se incorporarán outro grupo de 4 persoas. Cada un dos grupos acudirá ao centro 3 días á semana para así garantir as medidas de seguridade para todos e todas.

O resto de persoas usuarias do centro que desexen irse reincorporando á actividade deberán avisar cuns días de marxe para poder reorganizar o centro e os grupos de traballo.

Desde o centro elaborouse unha *Guía especial-COVID para as familias* onde se establecen as pautas de actuación precisas para o reinicio das actividades e o mantemento no tempo namentras dure esta situación sanitaria. Nela explícase de maneira moi sinxela como vai ser o acceso ao centro, as medidas de protección que se van tomar co fin de tratar de evitar aparición de síntomas: medida de temperatura, uso de transporte, uso de máscaras e pantallas, roupa e calzado, hixiene de mans, etc; cómo terá lugar a comunicación coas familias, o uso dos espazos gardando o “espazo burbulla”, a limpeza e desinfección das estancias; a importancia da ventilación; etc.

Priorizarase a realización de actividades ao aire libre utilizando os recursos da comunidade próximos ao centro: pistas deportivas, praza adxacente, paseo da ría, etc, que no horario do centro non son utilizadas en gran medida polos veciños. As actividades formativas e ocupacionais no centro son totalmente persoais e individualizadas; as persoas usuarias teñen o seu espazo sinalizado ao igual que o material de traballo, que está marcado co seu nome para que sexa de uso personalizado.

No caso dalgún caso sospeitoso ou probado de infección dunha persoa usuaria desde a Dirección do centro porase en contacto cos servizos sanitarios de referencia e seguiranse as súas indicacións. Asemade farase o seguimento para, de ser o caso, reiniciar o servizo unha vez que se confirme que a persoa non padece a enfermidade.

O centro ocupacional reforzouse a nivel profesional coa adicación parcial dunha técnica da Área de Benestar social animadora social-mestra namentras certas actividades comunitarias que eran da súa responsabilidade non podan retomarse por mor da pandemia. Deste xeito poden asegurarse tres espazos burbulla no centro no caso de que acudan mais persoas a partir do vindeiro mes de decembro.”

2.2.1.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de obras e aperturas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

“COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 03 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.C.A.P., para a reforma de cociña e baños dunha vivenda situada na Avda. de Acea dea Ama, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/497).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por S.G.V., para revestir peche existente nunha parcela situada no Lugar de Fornos, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2019/500).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por A.C.T. para substitución de pavimento de escaleiras en vivenda situada na Rúa Reixas, parroquia de Culleredo (expediente UAU/2019/501).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por H.G.B., para a limpeza e restauración dun muro de pedra existente de 25 ml., situada nunha parcela no Lugar de ledoño, parroquia de Ledoño (exp. UAU/2019/502).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. para instalación dun panel sandwich sobre fachada existente en edificación comercial, situada na Avda. de ribados, 24, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/503).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.R.F.L., para pintado fachada en vivenda unifamiliar situada en Souto, parroquia de Orro (exp. UAU/2019/504).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.A.P.E. para reparación de cuberta dun edificio situada na Avd. de Ribados, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/505).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por J.F.R., para cambio de baixante xeral en vivenda unifamiliar (3 m.) situada na Avda. de San Miguel, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2019/506).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.A.L.N. para reforma interior vivenda consistente na reparación solo, pintura e cambio mobiliario cociña situada na Rúa Sanjurjo de Carricarte, Parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/511).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por A.A.C. para cambio material de cubrición e pintura de fachada en vivenda unifamiliar, situada na Rúa San Xiao, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/518).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.R.G. para a limpeza e impermeabilización de cuberta e pintura de fachada en vivenda unifamiliar situada na Rúa Alvaro de Mendaña, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/520).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.A.F. para substitución de alicatado e solado en cociña da vivenda situada na Rúa Francisco Largo Caballero, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/526).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por REFORMAS DOMART, S.L. para rehabilitación de cuberta mediante substitución de tella cerámica, nun edificio situado na Rúa Visitación de la Encina núm. 3, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/530).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO EL CRUCERO, para obras de acondicionamento fachada situado na Rúa Alexandre Bóveda núm. 1, parroquia de O Burgo, (Exp. UAU/2019/537).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 10 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por F.F.P.G. para recebedo de paredes exteriores e arranxo de ventás galpón, situado en Ledoño, Parroquia De Ledoño (exp. UAU/2019/536).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 10 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIF. ANDRÉS PAN VIEIRO NÚM. 12-20, para reparación de fachadas e cuberta edificio situado na Rúa Andrés Pan Vieiro, 12-20, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/541).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por ACONDIZIONA GESTIÓN OBRAS Y REFORMAS, S.L. para rehabilitación de fachada edificación situada na Rúa San Antón núm. 1 parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2019/542).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por R.R.F. para substitución de material de acabado cocíña vivenda na Rúa Anxo Senra Fernández, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/544).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por CCPP EDIFICIO LAR BRANCA, para a realización de cuberta nova e rehabilitación e impermeabilización de fachadas e patios de edificio vivendas, situado na Avda. de Fonteculler, 68, Parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/545).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.D.L.A. para pintura fachada en vivenda situada en Rúa María Mariño, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/548).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por F.M.R.N. para a reforma de cuarto de baño en vivenda situada en Rúa Anxo Senra Fernández, Parroquia de O Burgo (EXP. UAU/2019/550).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.G.R. para obras de impermeabilización e retellado de cuberta e pintado de fachada en vivenda situada en Monte das Arcas, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/551).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por CASER RESIDENCIAL INMOBILIARIA, S.A. para substitución de revestimentos interiores e portas de paso en edificio destinado a residencia situado en Monte das Arcas, 15, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/468).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por FEDERACIÓN DE ENTIDADES INMOBILIARIAS S.A. para a instalación receptora de gas para sala de calderas e cocíña no colexio Montespiño situado en Rúa Montespiño, núm. 10, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/481).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por C.PP. WENCESLAO LEOPOLDO BLANCO, 25-27-29-31, para substitución e impermeabilización de cuberta vivenda situada en Rúa Leopoldo Blanco Vila, 25-27-29-31, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/529).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por REFORMAS DOMART, para reparación puntual de fachada edificio situado en Rúa Gómez Pérez das Mariñas, núm. 4, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/532).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por R.U.P., para construción de beirarrúa no interior da parcela, situada en Naveira, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/565).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por R.M.R. para reforma cuarto de baño en vivenda situada na Rúa Templarios, parroquia de O Burgo. (exp. UAU/2019/566).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por CCPP AV. ACEA DA MA, NUM. 15 A, para impermeabilización de cuberta e canalóns no edificio situado na Avda. de Acea de Ama, 15A, parroquia de o Burgo (exp. UU/2019/567).

C.I.F. P-1503100-H

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por REVESDUYO, S.L.U. para rehabilitación de fachada en edificación situada en Rúa Ribados, núm. 4, parroquia de O Burgo. (exp. UAU/2019/572).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.J.D.P. para substitución material de cuberta, ventás e pintado fachada edificación situada en Rúa Paxariñas, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2019/579).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 13 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.L.F.V., para instalación de caldera de pellets e acondicionamento do cuarto da caldeira, en vivenda situada no Lugar de Goiente, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2019/582).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por P.F.M.A. para execución peche diafano no interior da parcela situada na Rúa Pomares, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/538).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 18 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por P.F.M.A., para construción de peche de 45,70 ml. E 1,80 m.a. (0,70 cegos + 1,10 diafano) parcela situada en Rúa Pomares, parroquia de rutis. (exp. UAU/2019/629).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 19 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.C.C.P., para reparación de peche existente lindeiro parcela situada na rúa Brea, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/547).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 19 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.C.C.P., para construción peche 111,73 ml e 1,60 m.a., parcela situada en Rúa Brea 10 parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/552).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 19 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por P.F.M., para o peche lindeiro lateral parcela de 85 ml. E 1,8, parcela situada en Villaverde, parroquia de Castelo (exp. UAU/2019/535)."

C.I.F. P-1503100-H

2.3.- SENTENZA 369/2020 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO DSP DESPIDO/CESES EN XERAL 261/2018.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 369/2020, do 27 de outubro de 2020, do Xulgado do Social núm. 4 da Coruña, Procedemento DSP DESPIDO/CESES EN XERAL 261/2018, cuxo fallo estima a demanda sobre despido formulada por M.A.R.V. fronte á empresa SETEX APARKI SA e, en consecuencia, declara a improcedencia do despido de data 1 de abril de 2018 e desestima a demanda sobre despido formulada fronte ao Concello de Culleredo.

Contra esta sentenza poderase interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2.4.- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 6/2020 PROCEDEMENTO ORDINARIO 205/2016.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local do auto do 9 de novembro de 2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, cuxa parte dispositiva estima, en parte, as pretensións deducidas polo procurador D. Rafael Pérez Lizarriturri, en nome e representación da Comunidade de Propietarios de garaxes da Praza Galicia de Culleredo, procede acordar a execución da sentenza ditada en data 4 de febreiro de 2019, no sentido de que han de comezar o antes posible as obras de reparación da praza pública e se require ao Concello para que remita a este Xulgado, no prazo dun mes, un informe das actuacións levadas a cabo para a materialización da execución da sentenza a executar.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02MC	USG/2020/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)  0V1I 2W5Y 105V 5944 0YNT	

Esta resolución non é firme e contra a mesma cabe interpoñer recurso de reposición.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H